

O SERGAS PRETENDE INCUMPRIR O ACORDO DE CARREIRA PROFESIONAL !

CIG-Saúde esixe que na resolución de **Carreira Profesional** se inclúa que os **efectos económicos** e de inicio do cómputo da permanencia sexan **do 1 de xaneiro de 2021**.

O SERGAS négase a incluír ningunha referencia alegando que o pago da carreira profesional está supeditada aos orzamentos.

- Ou nos retrasan o inicio do cobro ata marzo de 2021.
- Ou incluso poderían facer un recoñecemento exclusivamente administrativo da carreira, sen retribución.



Mobilízate coa **CIG-Saúde**
para que o SERGAS cumpra
o **Acordo de Carreira**

www.cig-saude.gal
outubro 2020



INFORMACIÓN DA REUNIÓN DE CARREIRA PROFESIONAL CELEBRADA O DÍA 13 DE OUTUBRO DE 2020.

O SERGAS vén de presentar a convocatoria da carreira profesional do ano 2020.

A semana que vén, previsiblemente, publicarase no DOG esta resolución e abrirase o prazo de UN MES para facer as solicitudes de acceso á carreira profesional.

CIG-Saúde esixiu que na resolución se incluíse que os efectos económicos e de inicio do cómputo da permanencia fosen de 1 de xaneiro de 2021.

O SERGAS négase a incluír ningunha referencia alegando que o pago da carreira profesional está supeditada aos orzamentos.

- Ou nos retrasan o inicio do cobro ata marzo de 2021.
- Ou incluso poderían facer un recoñecemento exclusivamente administrativo da carreira, sen retribución.

Novamente o SERGAS pretende incumprir os seus propios acordos.

O acordo de carreira de 2018 recolle que o persoal fixo no SERGAS antes do 31 de decembro de 2011 poderá progresar ao seguinte grao.

A avaliación que se aplique será a do réxime de encadre do 2018, con certas adaptacións:

- **Persoal licenciado sanitario:** cumprimento dos obxectivos no período 2015-2019.
- **Todos os colectivos:** actividades realizadas entre o 1 de xaneiro de 2015 e o día anterior á publicación no DOG da convocatoria, como por exemplo, 40 horas de formación, entre outras.

IMPORTANTE:

Todo o persoal fixo a 31 de decembro de 2011, que se atope por Promoción Interna, nunha interinidade ou acadase praza fixa nos últimos anos, deberá ter recoñecido o **Grao inicial** para que poida acceder ao Grao I neste ano 2020.

Se te atopas entre este persoal, revisa o teu FIDES e comproba se tes recoñecido o Grao inicial.

Para mais información diríxete aos locais de CIG-Saúde.

CIG-SAÚDE

www.cig-saude.gal

Telf. 981 552 826

secretarianacional@cig-saude.gal

organizacion@cig-saude.gal

